

<b>Comunidade Autónoma / Departamento / Estado</b>	GALICIA
<b>Municipio</b>	PADERNE DE ALLARIZ
<b>Edificio</b>	Igrexa de San Salvador de Solbeira de Belmonte
<b>Dirección</b>	Rúa da Igrexa, 14. 32112
	42.287943 -7.779300
<b>Protección</b>	
<b>Descricion</b>	<p>A igrexa parroquial de San Salvador de Solbeira de Belmonte, presenta planta rectangular.</p> <p>Foi construída en limpo perpiaño, perfectamente labrado e escuadrado. A fachada é moi sinxela.</p> <p>A porta principal aparece decorada con pilastras de corte clasicista de fuste refundido que soportan ilusoriamente un alintelado formado por un arquitrabe e un friso liso. Sobre ambos dispónse un orixinal motivo ornamental en forma de frontón semicircular curvo que presenta un orixinal quebramento xeométrico no seu segmento máis elevado.</p> <p>Xusto sobre o lintel da porta topamos cunha cuncha de bivalvo aberta, motivo ornamental ao que suceden en altura e en progresión ascendente unha fornela, unha xanela rectangular, e xa no seo cumial, unha espadana de dous corpos.</p> <p>Os extremos deste corpo central aparecen definidos por xigantescas pilastras adosadas que rematan nuns orixinais pináculos xeométricos en forma de floreiros. O fermoso e proporcionado corpo de campás confírelle á fachada un notable empuxe vertical que non fai outra cousa que realzar a súa ben dimensionada estética barroca.</p> <p>O ciborio do templo proxéctase en altura por medio do seu peculiar tellado a catro augas, cuberta fermosamente decorada por un pináculo de bolas en cada unha das esquinas que volve aparecer na cimeira, de onde parten cada unha das augas.</p> <p>O interior, en liñas xerais máis interesante que o exterior, conserva aínda cuberta en madeira e chan estrado de granito. A bóveda da ábsida é de canón corrido con arcos de medio punto.</p> <p>O templo conta tamén con unha tribuna traballada en madeira que aparece sustentada por un par de columnas en granito.</p> <p>O templo foi levantado no ano 1789, tal como proba o epígrafe que mostra a súa fachada, posiblemente onde antes estaba a capela de Santa Bárbara, que se reutilizou para facer a sancristía, e que fora cedida polos Condes de Belmonte ao pobo.</p>
<b>Campás</b>	2 campás.
<b>Fotos</b>	3
<b>Toques actuais de campás</b>	
<b>Conservación, mantemento</b>	
<b>Propostas</b>	
<b>Autores da documentación</b>	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA (FACEBOOK)

**Data**

11-12-2024

**Campás actuais**

<b>Localización</b>	<b>Campá</b>	<b>Fundidor</b>	<b>Ano de fundición</b>	<b>Diámetro (en cm)</b>	<b>Peso</b>
Espadana	<a href="#"><u>Menor</u></a>	<a href="#"><u>BLANCO ISLA, GREGORIO (PACIOS) (RIBAS ALTAS)</u></a>	1913	50	72
Espadana	<a href="#"><u>Maior</u></a>	<a href="#"><u>BLANCO ISLA, GREGORIO (PACIOS) (RIBAS ALTAS)</u></a>	1921	60	125

Información completa: [Igrexa de San Salvador de Solbeira de Belmonte - PADERNE DE ALLARIZ \(GALICIA\)](#)

PDF (17-06-2026)